

MEMORIA FINAL PROGRAMAS EUROPEOS 2019-2020. IES de Rodeira.

Durante o ano académico 2019-2020 realizáronse as seguintes actuacións desde o Programa de Departamentos Europeos:

1. **Organización do Departamento de Programas Europeos:** o Departamento está formado polas seguintes docentes con cadansúas responsabilidades e asignacións horarias outorgadas pola Xefatura de Estudos:

Departamento Programas Europeos 2019-2020			
Persoal	Departamento	Horas	Funcións
Sérgio A. Nunes Garcia	Formación e Orientación Laboral	2	Coordinación
Pilar Mariño Montero	Administrativo	1	Coordinación KA102
María Nieves García Díaz	Inglés	-	KA101
Carmen Soto Cano	Francés	0,5	eTwinning
Patricia Caride Rivas	Francés	0,5	Intercambio escolar
Jaime Pazos Lauzirika	Electricidade e electrónica	1	DepoPracticum
María Rosa González Barreras	Administrativo	1	Comunicación
María Jesús Míguez Novoa	Matemáticas	1	Páxina web
Cristina del Río Lamela	Xefatura de Adultos	-	Coordinación KA104
Total horas Programas Europeos		7	

O Departamento realizou unha mínimo dunha reunión mensual, con actas das mesmas asinadas polos participantes para coordinar e tomar acordos xerais do funcionamento e desenvolvemento do mesmo. Ademais houbo reunións continuas dos diferentes programas de tipo informativa, de coordinación do programa, de avaliación de candidaturas e selección de participantes, entrevistas, de difusión e impacto, etc...

Ademais, para cada programa hai Comisións de Valoración para seleccionar o alumnado e/ou persoal participante de entre os que se candidatan. O coordinador exerce a secretaría de cada unha desas comisións, ademais do director e o secretario do centro. En función de cada programa participa outro membro do Departamento de Programas Europeos.

2. **Plan de Desenvolvemento Europeo 2018/2020:** Seguíronse as directrices marcadas neste Plan aprobado polo Consello Escolar en reunión do 4 de decembro do 2018 e en vigor até o final deste ano 2020. A continuación indícase unha valoración da situación de cada un dos obxectivos propostos nas dúas Áreas de Mellora (*1. Internacionalizar o centro; e 2. Mellorar os aspectos organizativos, pedagóxicos e de xestión do centro*).

Onde: 1 (nada logrado), 5 (totalmente logrado)

Obxectivos	1	2	3	4	5	Observacións
1.1. Dotar dunha visión internacional e europea aos proxectos que xa están sendo desenvolvidos actualmente no centro					X	<i>Incorporouse unha liña de formación PFPP en programas europeos. A liña de Atención á diversidade vaise fortalecer co novo KA101-2020 solicitado a tal efecto. Da liña de centro saudábel e ecoloxía solicitouse un KA229 con esa temática. Abriuse unha sección bilingüe en inglés na materia TIC de 1º Bacharelato.</i>
1.2. Compartir con outros centros educativos de Europa un conxunto de boas prácticas, experiencias e procesos de calidade, potenciando o traballo local e mediante redes de traballo (eTwinning).				X		<i>Estase abrindo a participación con novos centros e espérase aumentar cos proxectos futuros.</i>

1.3. Consolidar contactos en países nos que vimos desenvolvendo outras accións europeas (Portugal) e lograr novos naqueles que queremos ampliar a nosa acción (Irlanda, Franza, Italia)					X	<i>En Portugal temos unha rede consolidada de varios centros e xa comezamos a incrementala con contactos en Franza, UK e previsibelmente Italia.</i>
1.4. Mellorar as competencias lingüísticas de linguas non maternas da comunidade educativa.					X	<i>Abriuse unha liña de formación para profesorado en inglés e portugués. O alumnado de ciclos que participa está aumentando o seu nivel lingüístico (Portugués e inglés). No bacharelato hai unha sección bilingüe.</i>
1.5. Tomar conciencia por parte de docentes, equipo directivo, alumnado e familias da dimensión europea e os seus beneficios e oportunidades para a formación, o desenvolvemento persoal e a capacitación profesional.					X	<i>Hai unha conciencia das novas posibilidades que o programa Erasmus+ ofrece á comunidade educativa, especialmente en ciclos formativos.</i>
1.6. Incrementar o número de alumnado que participa das accións de mobilidade para a formación profesional (Grao medio) e de educación superior (Grao Superior).					X	<i>Incrementouse obxectivamente en ciclos medios e superiores.</i>
1.7. Extender as mobilidades de formación profesional ao ciclo básico (FPB) e máis ao curso para desempregados AFD (Accións Formativas para Desempregados).	X					<i>Non se puido desenvolver pola Covid19.</i>
1.8. Iniciar os contactos para realizar posíbeis intercambios escolares, dentro da liña KA2 ou non, que permitan a mobilidade de alumnado de secundaria e/ou bacharelato.					X	<i>Solicitouse un programa KA229 cunha escola de Austria para o 2020-2022 para un grupo de 4ºESO</i>
1.9. Consolidar un equipo de persoal do centro con funcións e responsabilidades claras na área de Programas Europeos.					X	<i>Neste ano somos 8 persoas no departamento con asignación horaria.</i>
2.1. Ampliar as competencias da comunidade educativa coa alfabetización mediática, as novas tecnoloxías e a implementación de novos procesos de ensino-aprendizaxe con metodoloxías activas.					X	<i>O profesorado participante mellorou as súas competencias. Convén fortalecer a vía da liña de formación PFPP.</i>
2.2. Establecer e/ou fortalecer grupos de traballo e de					X	<i>Hai unha liña PFPP en programas europeos.</i>

formación no centro en metodoloxías didácticas, programas internacionais e novas tecnoloxías.						
2.3. Desenvolver novas metodoloxías relacionadas coa actividade física e deportiva, ademais de implementar novos procesos que melloren os hábitos saudábeis do alumnado e a comunidade educativa en xeral.				X		<i>Abriuse unha materia optativa de Vida Saudábel en 2º ESO para todo o alumnado.</i>
2.4. Consolidar a sección bilingüe do centro, mellorando as competencias dos docentes para poder estar en disposición de implementar novas liñas noutras materias ou etapas educativas.				X		<i>A sección bilingüe existente suspendeuse por ausencia da docente, mais abriuse unha nova en 1º Bacharelato con profesorado participante no KA101-2018. Espérase abrir novas en próximos cursos.</i>
2.5. Coñecer outras realidades e experiencias de organización e administración escolar que permitan implementar boas prácticas para mellorar o funcionamento do centro.				X		<i>Visitáronse escolas en Portugal, Islandia e Franza e obtivéronse ideas para implementar boas prácticas no centro, se ben non houbo posibilidades de facelo realmente pola Covid19.</i>

3. **Programas nos que participamos** neste ano académico.

A seguir indícanse os programas con mobilidades nos que participamos e o grao de execución por alumnado e persoal para cada un deles.

Identificación proxecto	Sector	Mobilidades Alumnado		Mobilidades Persoal		Observacións
		Previstas (nº / meses)	% execución (nº / meses)	Previstas (nº / días)	% execución (nº / días)	
Vinculándonos con Europa (KA101-2018)	Secundaria	-	-	3 / 15	33 % (1 / 5)	<i>Estaban previstas xa as 2 pendentas, mais non se puideron realizar pola Covid19.</i>

Portugalizando (KA102-2019)	FP CM	4 / 24	100%	2 / 10	0 %	<i>As mobilidades de docentes substituíranse por unha alumna en Derry (UK), mais non se puido pola Covid19.</i>
FCT no estranxeiro (KA103-2019)	FP CS	6 / 14	33% (2 / 2,67)	2 / 10	50% (1 / 5)	<i>Executouse normalmente.</i>
Internacionalizar para os adultos (KA104-2019)	Adultos	-	-	8 / 40	12,50% (1 / 5)	<i>Quedou sen executar pola Covid19.</i>
Prácticas laborais no estranxeiro (KA102-2019)	FP CM	5 / 20	80% (4 / 16)	1 / 12	0%	<i>3 alumnos con 16 meses (prórroga dos que estaban fóra). A docente non puido executar pola Covid19.</i>
Intercambio escolar francés	ESO	15 (aprox)	0%	2		<i>Suspendida pola Covid19</i>
Recepción alumnado Escola Sá de Miranda Braga (KA102)	FP	6 / 10	100%	-		<i>Executouse normalmente. Alumnado de informática (no concello e empresas de Vigo) e de multimedia (empresa de Bueu de xestión cultural)</i>

- a. **Programa Persoal Secundaria “Vinculándonos con Europa” (2018-KA101):** era un programa ambicioso que nos obrigou a dotar de estrutura institucional no instituto. Estaba previsto neste ano rematar as mobilidades pendentes (3) e realizar o impacto e difusión. Non houbo apertura de candidaturas pois tiñamos persoal suplente nas convocatorias anteriores.

MOBILIDADES REALIZADAS 2019/2020			
Días	Descrición	PAÍS	Docente

5	Curso "Environmental Education and outdoor education in non-formal settings".	Nicosia (Chipre)	Beatriz Regueira
---	---	------------------	------------------

As dúas mobilidades restantes estaban en trámites de se realizar, mais pola Covid19 non se puideron executar. De todos os xeitos, quedamos cos contactos para poder retomar no vindeiro ano, talvez noutro programa, esas visitas con outros obxectivos.

O programa foi continuamente publicado na páxina web do centro e no taboleiro de Programas Europeos, ademais de ser publicado en varias ocasións na prensa (FARO 15/1/2020). Aliás, coas responsables de difusión (Rosa González e Chus Míguez) sistematizouse a publicación en web (erasmus.iesrodeira.gal) e nos xornais de cada mobilidade que se foi realizando. Respecto do impacto, este ano continuouse coa liña de formación no centro (PFPP) con 11 participantes no curso de inglés / portugués. O curso de inglés chegou a comezar, mais quedou suspendido pola Covid19, mentres que o de portugués non chegou a se realizar pola dificultade do CFR en obter un docente e, xa logo, pola suspensión das clases.

Aproveitando a Covid19, realizouse unha [infografía](#) que recollía as principais aprendizaxes e aportacións dos participantes nas áreas TIC no ensino e escola saudábel:



- b. **Programa “Portugalizando” (2019-KA102)**: este programa supuxo un cambio cualitativo nas mobilidades para ciclos no IES de Rodeira. En colaboración estreita co Agrupamento de Escolas Sá de Miranda de Braga (Portugal), organizáronse 2 mobilidades de longa duración (11 meses) para alumnado xa titulado do Ciclo Medio en Xestión Administrativa co obxecto de darlles experiencia profesional ampla logo de finalizado o ciclo. Á vez, propúxose a introdución de prácticas profesionais ao alumnado de 1º que pasara a 2º ano durante o período de vacacións.

Mobilidade	Candidaturas presentadas	Seleccionadas	Mobilidades realizadas no curso	Meses por mobilidade (total)	Lugar das prácticas
VET-Short (1º)	2	2	2	1 (2)	ETAP - Viana do Castelo (Portugal)
VET-Long (Titulados)	2	2	2	11 (22)	A.E. Sá de Miranda - Braga (Portugal)
Docentes	4	2	0	0	-

As alumnas de 1º fixeron conxuntamente as mobilidades na Escola Profissional de Viana do Castelo durante o mes de xullo 2019, mentres que as alumnas tituladas de 2º comezaron as súas na Sá de Miranda en agosto 2019 e finalizan este próximo 30 de xuño do 2020. Respecto a estas últimas, durante o período da Covid19 pasaron a teletraballo con total normalidade e cumprindo as súas obrigas laborais do posto de traballo. Están pendentes de certificar o nivel de idioma na EOI de Vigo. Publicouse na prensa ([Faro 15/1/2020](#)) e deuse difusión na web de Erasmus-Rodeira.

Relativamente ás docentes, estaba xa pechada unha mobilidade á sucursal de Banca Ética Poppolare en Perugia (Italia) para visitar o funcionamento deste tipo especial de Banca Ética, que ten unha sucursal no Estado español (Fiare Banca Ética), e explorar a posibilidade de futuras mobilidades do alumnado. No entanto, tivo que suspenderse por motivo da situación da Covid19 en Italia. Posteriormente, decidiuse substituír estas dúas mobilidades docentes por unha para unha alumna de 2º interesada en realizar as FCT en Derry (UK) en Abril 2020. Logo de contactada a empresa e buscado o aloxamento, tivemos que suspender tamén esta mobilidade polo Estado de Alerta decretado o 13 de marzo. Neste momento, valórase invitar ao director da sucursal para vir dar unha formación en Setembro a profesorado do ciclo e alumnado.

- c. **Programa Practicum Depo (Consortio 2019-KA102):** Para as mobilidades do 2ª trimestre realizáronse as entrevistas de selección do alumnado dado que se presentaran 3 alumnos/as (2 CM Xestión Administrativa e 1 CM Instalacións de Telecomunicacións) e as prazas disponibles eran 2. Finalmente foron seleccionados Aitor Otero que realizou a mobilidade a una empresa de Braga, Portugal e Gabriel Orge que o fixo a una de Belfast, Irlanda do norte. Por outra banda ofertouse una mobilidade Job Shadowing para profesorado, á que se presentou una profesora, María Nieves García Díaz polo que non foi necesario facer ninguna baremación. A mobilidade planificouse e preparouse completamente, de modo que a docente ía concretala no mes de maio nun centro de estudos en Malmö, Suecia, cunha estancia de 12 días incluídas as viaxes.

O longo deste periodo realizáronse diversas reunións tanto co alumnado como cos/as docentes participantes e por outra banda celebráronse outras, cos responsables do Prácticum-Depo da Diputación de Pontevedra como entidade organizadora. Ademais, presentouse a nova solicitude para participar no Programa Practicum Depo 2020, sendo admitidos novamente no Consortio.

Mobilidade	Candidaturas presentadas	Seleccionadas	Mobilidades realizadas no curso	Meses por mobilidade (total)	Lugar das prácticas
VET-Long	3	2	2	4 (8)	Braga, Portugal Belfast, UK
Docentes	4	1	0	-	Gothemburg, Suecia*

* *Suspendeuse finalmente por imposibilidade derivada da Covid19. Espérase manter o contacto para realizala no ano 2021.*

- d. **Programa Erasmus+ Ciclos Superiores (2019-KA103)**: Este 2019-2020 estendéronse as mobilidades ao ciclo formativo online DAW, ademais do ordinario ASIR.

Ciclo formativo	Tipo mobilidade	Candidaturas presentadas	Seleccionadas	Mobilidades realizadas no curso	Meses por mobilidade (total)	Lugar das prácticas
DAW - online	FCT	4	4	2	2,33 (4,66)	Bournemouth (UK) Sofia (Bulgaria)
ASIR	FCT	1	1	0	0	Porto, Portugal*
Docentes	Job-shadowing	2	2	1	0,25	Sofia (Bulgaria)

* *Suspendeuse finalmente por imposibilidade derivada da Covid19. Espérase manter o contacto para realizala no ano 2020-21.*

- e. **Programa Persoal Adultos “Internacionalizar para os adultos” (2019-KA104)**: Este programa orientado ao persoal do ensino de adultos, ten como obxectivos potenciar a difusión da oferta dos obradoiros, a dinamización da biblioteca para adultos e de actividades de escritura creativa, así como o papel da orientación profesional. Estimábase poder realizalo dentro do ano 2019-2020, mais só se puido executar unha visita pola docente Carmen Soto á biblioteca escolar do Lycée d'Enseignement Général et Technologique Agricole (LEGTA) de Vendôme-Areines (Francia).

Quedaron pendentes as outras 7 mobilidades, das que 3 xa estaban confirmadas para realizar na Semana Santa e as catro restantes no verán. Solicitouse a prórroga para este programa, procurando alongar ao longo do 2020-21 as mobilidades e actividades de impacto e difusión.

Candidaturas presentadas	Seleccionadas	Mobilidades realizadas no curso	Días por mobilidade (total)	Lugar da mobilidade
8	8	1	5 (5)	Vendôme-Areines (Francia)

- f. **Programa eTwinning**: Este programa de intercambios *online* é levado en exclusiva pola docente do Departamento de francés Carmen Soto desde hai varios anos. Durante o curso 2019-20 participou en 6 proxectos. Como coordinadora:
- i. «*Becoming a teacher for one day on the occasion of the European Languages Day: make us discover your language!*», fundado co Lycée professionnel Antoine, Chenove, Francia e con socios de Polonia, Ucraína, Líbano, Georgia e Irlanda. Tiña como finalidade Celebrar o Día Europeo das linguas, o 26 de Setembro, cambiando os

roles (alumnos-profesores). O alumnado de 2º ESO e 4º ESO realizou “perfis lingüísticos” e nubes de palabras preferidas, plurilingües.

- ii. *“Si on s’écrivait encore cette année”*: Por segundo curso consecutivo, retomouse este proxecto, artellado en 3 anos: envío de cartas físicas, con posterior intercambio de mensaxes audio-vídeo e encontro co alumnado dos primeiros cursos da ESO (12-14 anos) establecido cunha profesora de francés da Escola Básica e Secundária Levante da Maia, Maia, Portugal . Continuábase en Rodeira principalmente co alumnado dos 6 subgrupos de 2º A, B e C que participara o curso pasado.
- iii. *Festivités(fr)/Festividades (pt)/ Fiestas (es) Festivities (en)* continuación dun proxecto do curso pasado cunha socia de Madeira. Socios moi numerosos (Grecia, Portugal, Turguía, Polonia, Rumanía, Francia, Países Baixos, Túnez), pouco participativos e con pouca implicación de grupos de alumnado que non axudaron ao proxecto.
- iv. *Prêts à partir?* Proxecto creado cunha cofundadora do sur de Italia, e con socios de Italia, Rumanía e España que buscaba a comunicación entre alumnado de 2º ESO, cunha temática vinculada á materia programada para eses cursos. Participaba 2º ESO B.

Como colaboradora en 2 máis:

- v. *Le français...un pont qui nous unit sur l’océan*. Con escolas de Italia, e Portugal. Participantes España insular e peninsular, Portugal insular e peninsular, Francia (Reunión), Grecia insular (2º ESO A).
- vi. *Mon histoire, ton histoire*: traballo sobre as orixes dos participantes. Proxecto multicultural para abordar o civismo, e as competencias disciplinares (4º ESO).

4. Evolución do número de mobilidades:

Mobilidades no curso 2018 - 2019				
Sector	Solicitantes	Alumnado	Persoal	Tempo total (meses)
FP (Ciclos Superiores)	2	2	0	4
Secundaria	16	0	9	3
FP (Ciclos Medios)	5	3	0	15
Total				22

Mobilidades no curso 2019 - 2020					
Sector	Alumnado		Persoal		Tempo total (meses, días)
	Solicitante	Participante	Solicitante	Participante	
FP CS	3	2	2	1	2 m, 25 d.
Secundaria	-	-	2	1	5 d.
FP CM	7	6	5	0	40 m.

Adultos	-	-	9	1	5 d.
Total					43 m., 5d.

5. **Carta ECHE 2021-2027:** solicitouse en maio 2020 a Carta ECHE para o novo período Erasmus+ 2021-2027. Estamos á espera da súa aprobación o que nos permitirá continuar nos programas Erasmus+ outros 6 anos. Na solicitude explicouse o que viñemos desenvolvendo nos últimos anos, a organización do Departamento e do centro a respecto do Erasmus+ e mais as previsións deste programa no centro durante os próximos anos. Tamén supuxo realizar unha autoavaliación do noso programa no centro que recollemos como anexo a esta memoria (que inclúe propostas de mellora para implementar e que serán incorporadas no próximo Plan de Desenvolvemento Europeo) e que se resume na seguinte autovaloración:

Elementos de autoavaliación	Autoavaliación IES de Rodeira	Valoración media nos centros do Estado
<i>Your institution has a strategy and an overarching structure supporting internationalisation</i>	73%	71%
<i>Your institution expresses its commitment to offering equal access and opportunities to Erasmus+ mobile participants from all backgrounds.</i>	61%	64.6%
<i>Your institution provides all of the information and support for incoming Erasmus+ participants to enable them to prepare for and make the most of their exchange.</i>	62%	68.6%
<i>Your institution ensures full recognition of successfully completed student mobility activities.</i>	38%	66.3%
<i>Your institution recognizes staff mobility as a key component of professional</i>	42%	60.3%

<i>development.</i>		
<i>Your institution ensures integration of incoming participants and capitalizes on their experiences to reinforce international cooperation.</i>	100%	64.6%

6. Impacto e difusión no centro escolar e na comunidade educativa:

- a. Consolidouse o **taboleiro de anuncios** na entrada do centro onde se publican todas as novas relacionadas co programa. Publicáronse todas as novas na **páxina web** do centro.
- b. Abriuse unha páxina web que se foi completando coa información do programa Erasmus. Adquiriuse o dominio iesrodeira.gal e o blog migrouse a erasmus.iesrodeira.gal.
- c. Habilitouse na **Aula Virtual un “curso Erasmus”** no que os participantes poden obter toda a información necesaria, subir documentación e outras cuestións de interese.
- d. Continuou a **liña de formación** no centro (Programas Internacionais) cun curso de idiomas de inglés e outro de portugués de 20 horas cada un. Pola Covid19 só puido realizarse parcialmente o de inglés, suspendéndose todos os demais.
- e. Publicouse 1 nova no Faro de Vigo ([Faro 15/1/2020](http://www.farodevigo.com)) sobre as mobilidades de ciclos medios en Braga, Portugal.
- f. Con motivo do paso ao ensino online, elaborouse a partir das aprendizaxes do KA101-2018 (Vinculándonos con Europa) unah **infografía** que recollía as principais ferramentas que podemos dispor o profesorado e o alumnado para esta situación. Acompañáronse tamén de estratexias de vida saudábel e de prevención, así como dous “nano-manuais” de uso da Aula Virtual, un para docentes e outro para alumnado e familia. A infografía compartiuse por canais de mensaxería, redes sociais, web do centro e Centro de Formación e Recursos de Vigo que o reenviou a centros de toda Galicia.

- g. Continuouse coa **liña de formación en centros (PFPP)** con dous cursos de idiomas (inglés e portugués), certificando as horas dos seminarios.
- h. Certificáronse as mobilidades mediante **Europass**, acreditando formalmente a acción para cada participante (14 certificados europass no ano académico).

7. Programas solicitados para o 2020-2021.

A seguir indícanse os programas que solicitamos para o vindeiro ano académico, así como as prórrogas relativas a outros que tiñamos pendentes de completar.

Identificación proxecto	Sector	Mobilidades Alumnado	Mobilidades Persoal	Observacións
		Previstas (nº / meses)	Previstas (nº / días)	
Atendendo á diversidade (2020-KA101)	Secundario	-	9 / 92	6 mobilidades para observación de escolas e 3 para realización de cursos sobre a atención á diversidade.
Portugalizando2 (2019-KA102)	FP CM	18 / 38	3 / 21	18 mobilidades para alumnado de 1º ano, para realizar a FCT en 2º e para realizar prácticas de 3 meses unha vez tituladas en 2º.
FCT no estranxeiro (2019-KA103)	FP CS	4 / 11,33	1 / 5	Solicitamos a prórroga deste programa.
FCT no estranxeiro (2020-KA103)	FP CS	6 / 14	2 / 10	Para finalizar antes de 06/2022.
Internacionalizar para os adultos (KA104-2019)	Adultos	-	7 / 35	Solicitamos a prórroga deste programa.
Consortio Prácticum Depoemprende (2020-KA102)	FP CM	5 / 20	-	Continuamos no Consorcio da Deputación de Pontevedra para enviar alumnado de ciclos medios.

Unidas na Diversidade (2020-KA229)	4º ESO	20 / 5	2 / 14	Asociación Estratéxica do IES de Rodeira coa escola Kindberg de Austria. 20 alumnas de 4º ESO de Bioloxía. Visita a Austria en Abril 2021 e recepción en Setembro 2021. 2 profesoras acompañantes.
eTwinning	ESO	-	-	Dependerá da asignación de cursos da profesora responsable.
Intercambio escolar francés	ESO	15 (aprox)	2	Estase á espera do inicio de curso para valorar como se realizaría.
Recepción alumnado Escola Sá de Miranda Braga (KA102)	FP			Está prevista a recepción de alumnos de FP das ramas multimedia e informática (non hai certeza do número) procedentes do Agrupamento de Escolas Sá de Miranda (Braga, Portugal).
Recepción alumnado Gales	FP	12 / 6		Está prevista a recepción de até 12 alumnos de FP de educación infantil e de protección civil e socorrismo durante o 2021 procedentes da Coleg Gwent (Crosskeys, Gales, UK).

8. Xestión económica dos programas.

Todos os programas expostos (agás eTwinning) conllevan unha exhaustiva xestión económica realizada polo Coordinador de Programas Europeos e a imprescindible e inestimábel colaboración do Secretario do IES de Rodeira. A continuación expónse os orzamentos de cada programa levados adiante durante o ano académico 2019-2020 e o seu grao de execución:

Identificación proxecto	Sector	Orzamento	Executado 2019-2020 (%)	Observacións
Vinculándonos con Europa (KA101-2018)	Secundario	4.274,03€	2.376€ (55,6%)	O programa fora executado no 2018-2019 (19,657.97€ - 82,14%) ² e restaba para este ano os 4.274,03€ de 3 mobilidades das que só se executou 1.
Portugalizando (KA102-2019)	FP CM	37.952€	34.763,86€ (91,59%)	Quedan pendentes 2 mobilidades de docentes á espera de poder executalas en setembro ou outubro 2020.

FCT no estranxeiro (KA103-2019)	FP CS	8.600€	2.880,21€ (33,49%)	Prorroga o programa até 2022.
Internacionalizar para os adultos (KA104-2019)	Adultos	9.080€	795€ (8,76%)	Quedou sen executar pola Covid19. Prorrogado até 2022.
TOTAL		59.904,03€	40.815,07€ (68,1%)	

A previsión para o **ano académico 2020-2021** (sempre que os solicitados foran aprobados pola Axencia Erasmus) é a dun orzamento de:

Previsión de proxectos 2019-2020	Sector	Orzamento	Observacións
Atendendo á diversidade (2020-KA101)	Secundario	16.932€	
Unidas na Diversidade (2020-KA229)	4º ESO	49.052€	
Portugalizando2 (2020-KA102)	FP CM	64.952€	
FCT no estranxeiro (2019-KA103) + (2020-KA103)	FP CS	14.319,79€	Unéñense dous programas (o do 2019 e o novo 2020)
Internacionalizar para os adultos (KA104-2019)	Adultos	8.285€	Prórroga do programa para executar as pendentes.
TOTAL		139.221€	

9. **Puntos fortes e dificultades encontradas no desenvolvemento do programa.**

A. **Puntos fortes:**

- a. Consolidación dos diferentes programas, en especial en ciclos formativos.
- b. A liña de formación PFPP ten moito recorrido e permite centralizar as actuacións de impacto e difusión das mobilidades realizadas.

- c. Hai moito profesorado interesado en participar nas accións Erasmus+ e colaborar coas mobilidades de alumnado.
- d. Dispomos dunha incipiente rede de contactos (Portugal, Irlanda do Norte, Gales, Austria, Francia...) que nos dá certa flexibilidade para coordinar e desenvolver os programas.
- e. Hai unha boa variedade na composición do Departamento en relación ás especialidades e niveis educativos.

B. Puntos débiles:

- a. Excesiva burocratización do programa Erasmus+ o que conleva grandes cantidades de tempo en preparar informes, documentos, papeis, seguros, reunións informativas...
- b. O tempo de adicación é moi limitado por persoa (2h coordinador e 1h ou 1/2 h o resto) o que leva á dificultade de se especializar e obter o máximo potencial do programa.
- c. Non hai un espazo físico que se identifique como o “departamento Erasmus / Programas Internacionais”, sen que haxa un lugar fixo onde depositar as memorias, cartafoles de mobilidades, arquivos, computador, etc...
- d. Hai que realizar moitas actividades de difusión e impacto e xestión do mesmo que conleva.
- e. É necesaria dispoñibilidade para desprazamentos, asistencias a cursos e xornadas, visitas a centros que se vai resolvendo con diferente profesorado, mais que non sempre é fácil.
- f. Grande responsabilidade como tutores do alumnado que realiza as súas prácticas e mobilidades no estranxeiro, especialmente no caso de menores de idade.

10. Propostas de mellora para o ano académico 2020-2021:

- a. Consolidar o funcionamento do Departamento no Instituto, ao nivel da biblioteca.
 - i. O Coordinador do Departamento tería voz na CCP.
 - ii. Estaría formado por 3/4 persoas con asignación horaria: Coordinador (5h de asignación horaria), Responsable de Difusión e Web (3h de asignación horaria), Responsable de Ciclos Formativos (3h de asignación horaria) e a posibilidade dunha persoa Responsábel eTwinning (3 horas). No Departamento tamén entrarían outras persoas

que pola súa implicación en áreas transversais poderían ter opinión e deberían ter voz e voto (responsábeis de eTwinning, intercambios escolares, departamentos de idiomas...). Esta asignación horaria estableceríase cunha **hora común para a celebración de reunións** e coordinacións semanais e **o resto** con presenza no centro, cun **horario público e fixo para a atención de consultas e informativas para o alumnado e persoal**. As funcións que conlevarían cada figura serían:

1. **Persoa coordinadora:** xestión e responsabilidade global dos proxectos, representación do Instituto (xunto co director) en programas europeos, recepción e contactos con escolas participantes, tomar actas e custodiar a documentación, asistencia á reunións e xuntanzas Erasmus de coordinación no SEPIE, secretario nas Comisións de Valoración para asignar as mobilidades, coordinación do grupo de formación PFPP en programas europeos, persoa principal de contacto para os programas nas aplicacións web, control dos gastos e ingresos (xunto co secretario) de todos os programas, elaboración e avaliación do Plan de Desenvolvemento Europeo. Será a persoa encargada de coordinar e supervisar a redacción e presentación de novos proxectos xunto co profesorado interesado. Elección xunto coa dirección das persoas responsables de entre as candidatas aos outros postos do equipo de programas europeos.
2. **Persoa responsable de difusión e web:** responsabilidade no relativo á publicidade e difusión de todos os programas Erasmus que se realicen, tanto na web institucional de programas europeos, como nas plataformas pertinentes (Erasmus Project Results, p.ex.), redes sociais, contacto con xornais e/ou revistas, medios de comunicación, etc... Tamén todo o relativo á fotografía, imaxes, vídeos e a súa custodia, permisos, cumprimento da lei de protección de datos, responsabilidade da páxina web, coordinación da formación nesta materia, etc... Será responsable do Plan de Difusión de Programas Europeos en cooperación coa persoa coordinadora.
3. **Persoa de ciclos formativos:** responsabilidade (xunto co coordinador) dos programas nas áreas de Ciclos medios e ciclos superiores, así como persoa de contacto nos Consorcios que nestas áreas se poidan establecer ou xa teñamos asinados (Practicum Depo).
4. **Persoa responsable eTwinning:** responsabilidade na xestión e desenvolvemento do programa eTwinning no IES de Rodeira, coordinación de proxectos e de formación entre docentes, así como a

coordinación naqueles programas Erasmus nos que sexa preceptivo dotarnos deste tipo de proxectos para o seu desenvolvemento (ex. KA2).

- iii. Dotar dun **espazo físico** fixo onde gardar a documentación, memorias, computador do Departamento, etc...
 - iv. A **elección dos membros** seguirá a nosa política establecida na Carta ECHE de forma que todas as comunicacións, eleccións e decisións seguirán criterios públicos e transparentes, valorando os méritos das diferentes candidaturas, publicando as persoas interesadas e tomando a decisión final a dirección do centro co asesoramento do coordinador de programas europeos vixente.
- b. Establecer un **Plan de Difusión e Impacto** dos programas Erasmus+, coherente co xeral do IES de Rodeira.
 - i. Incluiría a páxina web, aula virtual, redes sociais, imaxes e demais
 - ii. Difusión en medios de comunicación xeralistas e/ou especializados
 - iii. Newsletter ou revista periódica dos programas europeos
 - c. Situar a páxina web de Programas Europeos como o nodo central de comunicacións e difusión, actualizando os contidos e disponibilizando o acceso a todos os materiais dos proxectos europeos.
 - d. Integrar as mobilidades do persoal na liña de formación PFPP do centro, de forma que traslade os coñecementos adquiridos por esta vía.
 - e. Consolidar as prácticas de alumnado de ciclos en 1º curso.
 - f. Implementar o Suplemento Europass ao Título de Ciclos Formativos para todo o alumnado do IES de Rodeira.


En Cangas, 30 de xuño do 2020

ANEXO. INFORMES GRÁFICOS DOS PRINCIPAIS DATOS.


Departamento de Programas Europeos




Mobilidades alumnado Erasmus+




Mobilidade profesorado Erasmus+




Mobilidades Erasmus+ (en meses)



Certificados Europass expedidos



Orzamentos Erasmus 2019-20



Orzamentos de Programas Europeos no IES de Rodeira

